

---

## O PERFUME

### A HISTORIA DUN ASASINO

Texto de PATRICK SÜSKIND

Tradución de PATRICIA BUXÁN OUTEIRO

Ilustración de cuberta de ADRIÀ FRUITÓS


---

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 344 páx. 18 €  
ISBN 978-84-16721-93-1. Lecturas expertas. Narrativa. Faktoría K.

*Na época de que estamos a falar, reinaba nas cidades un fedor difícil de imaxinarmos hoxe en día. As rúas cheiraban a esterco, os patios traseiros cheiraban a ouriños, as escaleiras dos edificios cheiraban a madeira podre e a excrementos de rata; as cociñas, a repolo falmauguento e unto de carneiro; os cuartos sen ventilar cheiraban a po e mofo; os dormitorios, a sabas graxumentas, á humidade dos edredóns de plumas e ao cheiro doce e penetrante dos penicos. As chemineas deitaban cheiro a xofre, os curtidoiros deitaban cheiro a lixívia cáusticas; os matadoiros deitaban o cheiro do sangue callado. As persoas cheiraban a suor e a roupa sucia; a boca cheiráballes ás caries...*

Jean-Baptiste Grenouille naceu seis anos antes da Revolución Francesa no barrio máis fedorento de París. Dende a súa nacemento ten unha extravagante cualidade: non desprende olor ningún, polo que lle atribúen a presenza dalgún demo. Tamén posúe un don excepcional: un olfacto prodixioso que lle permite percibir todos os aromas do mundo. Abandonado ao coidado duns frades, loita contra a súa condición humilde e logra escalar posicións ata converterse nun afamado perfumista, experto na arte de mesturar herbas e aceites. Ante a súa incapacidade para sentir amor polo rexeitamento social e familiar que padeceu ao longo da vida, os aromas que elabora permítenlle pasar inadvertido ou inspirar simpatía, amor, compaixón... Porque o seu obxectivo non é obter fortuna e prestixio, senón cativar o corazón das persoas. Pero obter as fórmulas únicas e maxistrais coas que aspira a crear o perfume perfecto, ten un prezo moi alto: un día descubrirá a fragancia dunha rapaza virxe e dende entón vai vivir coa fixación de obter os seus fluídos corporais e licuar os seus olores íntimos. A súa mestría convértese así nunha inqueda prestidixitación.

Patrick Süskind presenta nesta novela a súa visión desenganada e ácida do ser humano. «O perfume» é unha lectura impetuosa e frenética, chea de abraiante descrições, que reborda imaxinación e sabedoría olfactiva; unha invitación a descubrir o inmenso abano dos aromas, mais tamén os turbadores abismos do espírito, da obsesión e da depravación. O baleiro existencial, as ansias de poder, a soidade ou o problema identitario agroman de xeito discreto, mais tamén impactante, neste exitoso clásico da literatura contemporánea.



- **Temática:** historia de intriga protagonizada por un perfumista co reto de crear o perfume perfecto.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** ambientación no París do século XVIII; asasino en serie; traumas da infancia, desequilibrio emocional; perfumería, olores, obsesión polos aromas.
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-perfume-g>

### Patrick Süskind

(Ambach, Alemaña, 1949)

Escritor e dramaturgo, estudou Historia Medieval e Moderna nas universidades de Múnic e Aix-en-Provence. Estableceuse en París para traballar como escritor e guionista de cine e televisión, aínda que con pouco éxito nos seus inicios. A partir da obra de teatro «O contraabaixo», de 1981, conseguiu varios traballos na televisión alemá, onde o distinguiron co premio do Departamento Alemán de Cultura. En 1985 a súa primeira novela, «O perfume», converteuse no grande éxito editorial da década en Alemaña; foi traducida a máis de cincuenta linguas e converteuse nun dos libros máis vendidos en todo o mundo. A partir do seu recoñecemento internacional, Patrick Süskind comezou a evitar as entrevistas nos medios de comunicación e a rexeitar moitos dos recoñecementos que lle outorgaban, como os premios Tukan e Gutenberg. Actualmente reside entre Múnic e Montolieu. En 2006 Tom Twyker dirixiu unha adaptación cinematográfica de «O perfume», con moitos galardóns nos festivais europeos.

---

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---